



Suxestión dirixida á Deputación da Coruña para que valore a posibilidade de revisar o expediente sancionador imposto ao interesado

Expediente: V.4.Q/7857/21

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2021

Sr Presidente:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de don xxxxxxx referente á súa disconformidade por unha multa interposta polo concello de Ames

ANTECEDENTES

Nesa queixa esencialmente indicaba que o 12/03/2021 foille notificada unha sanción por aparcamento indebido da súa moto, tipificándose a infracción como GRAVE e impondo unha sanción de 200€. Que o 24/03/2021 presentou un recurso diante do concello, por vía telemática, aínda que, segun indica o interesado, non funcionou ben o sistema on line e non foi debidamente rexistrado o recurso.

Indicaba a súa disconformidade diante da tipificación da infracción por non estar entre os supostos recollidos no Artigo 76 do Regulamento Xeral de Circulación e sinalaba outras cuestións que, entende, argumentan a súa queixa, como o feito de que noutras datas hai moitas persoas que aparcan as súas motos enriba das beirarrúas no mesmo concello.

Ante iso requirimos información ao concello de Ames cuxo informe sinalaba o seguinte:

Non consta nesta administración reclamación ningunha en relación co manifestado polo reclamante, polo que, como se deduce do propio teor do manifestado por don xxxxxxxx, a sanción é firme e consentida.

Ademais do anterior, resulta que a Deputación Provincial da Coruña é a encargada da xestión e recadación dos procedementos sancionadores en materia de tráfico, polo que o expediente administrativo que no seu caso poida existir obra en poder de dita administración.

Xa que logo, solicitamos informe complementario á Deputación da Coruña, como vostede sabe, informe que nos ten remitido en data de 29/10/2021 e que sinala o seguinte:

*En relación co **punto 1, disconformidade coa tipificación da infracción como grave**, cómpre indicar que na verificación da cualificación e da multa consignada polo denunciante, dentro das marxes do artigo 80 da Lei de seguridade viaria, respectáronse os criterios de graduación dispostos no artigo 81 do devandito texto legal e, en particular, o de proporcionalidade, toda vez que as infraccións denunciadas se cometeron en vías urbanas, causando prexuízos a outros usuarios desta.*

O suposto previsto no artigo, antes citado, do Regulamento Xeral de Circulación, aprobado por Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que foi sancionado o recorrente ten así mesmo a súa correspondencia no cadro de graduación de infraccións e sancións aprobado por Ordenanza Municipal do Concello, incluíndoo igualmente dentro dos supostos de infraccións graves contemplados no artigo 76 da LSV, que dispón o seguinte;

Artículo 76. Infracciones graves. Son infracciones graves, cuando no sean constitutivas de delito, las conductas tipificadas en esta ley referidas a:

(...)

d) Parar o estacionar en el carril bus, en curvas, cambios de rasante, zonas de estacionamiento para uso exclusivo de personas con discapacidad, túneles, pasos inferiores, intersecciones o en cualquier otro lugar peligroso o en el que se obstaculice gravemente la circulación o constituya un riesgo, especialmente para los peatones.

(...)

*Polo que se refire ao **punto 2 da queixa, relativo a que o día 24/03/2021 presentou un recurso de reposición diante o Concello, por vía telemática, aínda que, segundo indica o interesado, non funcionou ben o sistema on line**, e non foi debidamente rexistrado o recurso cómpre sinalar que esta Unidade solicitou á Sección de Información e Actas informe relativo á presentación de escrito de alegacións ou recurso de Reposición contra o acto sancionador, informando que únicamente figura unha entrada nese Rexistro Xeral do día 5 de xullo de 2021, a través da Sede Electrónica da Deputación Provincial de A Coruña, co número de rexistro XXXXXXXX; a dita entrada foi calificada como recurso de reposición formulado contra a providencia de constrinximento. Segundo figura na aplicación informática, o devandito recurso foi resolto por Resolución da Presidencia número XXXXXXXX de 06/08/2021, a proposta do Servizo de Recadación desta Deputación, previo informe da*

Unidade de Instrución de Sancións Municipais, desestimando as alegacións formuladas ao non apreciarse na tramitación do expediente a concorrencia de ningún dos motivos de oposición previstos no artigo 167.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

*Finalmente, polo que atañe ao **punto 3** da queixa cómpre subliñar que o interesado enumera unha serie de cuestións coas que pretende argumentar o seus motivos de oposición á denuncia formulada, tales como o lugar desta, a sinalización da vía e o trato desigual que os axentes da Policía Local do Concello de Ames lle conceden a outros vehículos e usuarios que estacionan en circunstancias similares e non son obxecto de denuncia. Sobre estes asuntos non cabe o exame por parte desta Unidade*

ANÁLISE

Tras a investigación realizada, na que se avaliou o contido da súa queixa e o exposto nos informes do *concello* e da *Deputación*, dedúcese que

PRIMEIRO. A regulación do estacionamento é unha competencia municipal sustanciada a través das Ordenanzas propias. Según o **Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro**, polo que se aproba o **Reglamento General de Circulación**

CAPITULO VIII Paradas y estacionamientos

Artículo 93. Ordenanzas municipales.

- 1. El régimen de parada y estacionamiento en vías urbanas se regulará por ordenanza municipal, y podrán adoptarse las medidas necesarias para evitar el entorpecimiento del tráfico (...)*
- 2. En ningún caso podrán las ordenanzas municipales oponerse, alterar, desvirtuar o inducir a confusión con los preceptos de este reglamento.*

SEGUNDO. A Ordenanza Municipal de Tráfico do concello de Ames, no seu *artigo 33* indica as prohibición para o estacionamento dentro do municipio e fai referencia ao que o mesmo Real Decreto indica no seu *Artigo 94. Lugares prohibidos*

2) Queda prohibido estacionar en los siguientes casos

2.e Sobre las aceras, paseos y demás zonas destinadas al paso de peatones.

- **TERCEIRO.** A mesma prohibición recóllese no **Real Decreto Legislativo 6/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley sobre Tráfico, Circulación de**

Vehículos a Motor y Seguridad Vial e practicamente dun xeito idéntico no seu Título II, Capítulo II, Sección 7ª, Artigo 40

-**CUARTO**. Porén, a mesma norma, no que atinxe ao **régime sancionador** indica o seguinte:

TITULO V, Régimen sancionador, CAPITULO I, Infracciones

Artículo 75 Infracciones leves

c) Incumplir las normas contenidas en esta ley que no se califiquen expresamente como infracciones graves o muy graves en los artículos siguientes

Artículo 76 Infracciones graves

d) Parar o estacionar en el carril bus, en curvas, cambios de rasante, zonas de estacionamiento para uso exclusivo de personas con discapacidad, túneles, pasos inferiores, intersecciones o en cualquier otro lugar peligroso o en el que se obstaculice gravemente la circulación o constituya un riesgo, especialmente para los peatones.

-**QUINTO**. E no que atinxe ás sancións:

TITULO V, Régimen sancionador, CAPITULO II, Sanciones

Artículo 80. Tipos

Las infracciones leves serán sancionadas con multa de hasta 100 euros; las graves, con multa de 200 euros, y las muy graves, con multa de 500 euros (..)

-**SEXTO**. O interesado estacionou unha mini-moto de 80 cms de altura nunha beirarrúa de 5 mts de anchura. O interesado argumentou que non estaba cerca dun paso de peóns e na denuncia non se recolle que a moto supuxera un obstáculo importante nin perigoso para os peóns, situación que agravaría a tipificación da infracción, según se recolle no Réxime Sancionador da Lei sobre Tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

-**SÉTIMO**. O interesado aporta documentos gráficos sobre vehículos de dúas rodas estacionados sobre as beirarrúas do concello, en lugares similares ao que supuxo unha multa para o interesado

-**OITAVO**. Lembremos que o principio de igualdade ante a Lei indica que diante de supostos de feito iguais deben ser aplicadas consecuencias legais idénticas.

-**NOVENO**. O principio de proporcionalidade das sancións administrativas atópase regulado no artigo 29 da Lei 49/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público e ten

como función axustar as sancións á falta cometida atendendo, entre outros criterios á natureza dos perxuicios causados

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello a seguinte **suxestión**:

Atendendo ao principio de igualdade e á proporcionalidade das sancións, suxerimos que valore a posibilidade de revisar o expediente sancionador atendendo ás razóns expostas na Resolución

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con

especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo